

IES VIRXE DO MAR

Programación do Ciclo Formativo

CM LABORATORIO DE IMAXE

Curso 2014-2015

- 1. OBXECTIVOS**
- 2. CONTIDOS. SECUENCIACIÓN**
- 3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
 - 3.1. MÍNIMOS ESIXÍBEIS**
 - 3.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**
 - 3.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN**
- 4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA**
- 5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**
 - 5.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PERDÉU A
POSIBILIDADE DE QUE LLE SEXA APLICADO O DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA**
 - 5.2. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES: ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN.**
 - 5.2.1. CONTIDOS ESIXÍBEIS**
 - 5.2.2. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN**
 - 5.2.3. CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES MEDIANTE
AVALIACIÓN CONTINUA**
- 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. LIBROS DE TEXTO**
- 7. PROGRAMACIÓN CORRESPONDENTE AOS TEMAS TRANSVERSAIS**
- 8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES A REALIZAR POLO
DEPARTAMENTO MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ADAPTACIÓNS
CURRICULARES.**

1. OBXECTIVOS:

1.1. Requerimentos de cualificación profesional:

Os obxectivos xerais do Ciclo Formativo formulanse tendo en conta o perfil profesional de referencia, así como os requerimentos xerais de competencia e cualificación técnica establecidos para o título de Técnico de Laboratorio de Imaxe. Consisten estes fundamentalmente en realizar operacións de procesado e tratamento de materiais fotosensíbeis expostos, axustándose a procesos, procedementos e tempos establecidos e ás especificacións do cliente, acadando a cualidade requerida e actuando en condicións de seguridade.

1.2. Obxectivos do ciclo formativo:

- 1- Interpretar e comprender información técnica e en xeral toda a linguaxe simbólica precisa para executar operacións e controlar os traballos realizados no laboratorio de imaxe.
- 2- Comprender e aplicar a terminoloxía, instrumentos, ferramentas, equipos e métodos empregados no tratamento e procesado de produtos fotográficos.
- 3- Interpretar os procesos de execución e realizar revelados, ampliacións e tratamento de imaxes fotográficas.
- 4- Comprender a interrelación e secuenciación lóxica das diferentes fases da produción fotográfica e cinematográfica, observando a correspondencia entre estas fases e os materiais, equipos e recursos humanos, así como os criterios de cualidade, económicos e de seguridade que deben ser observados.
- 5- Sensibilizarse a respecto dos efectos que as condicións de traballo poden producir sobre a saúde persoal, colectiva e ambiental, coa fin de mellorar as condicións de realización de traballos, aplicando medidas correctivas e de protección adecuadas.
- 6- Comprender o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a actividade industrial, identificando os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais, adquirindo a capacidade de seguir os procedementos establecidos e de actuar con eficacia nas anomalías que poden presentarse nos mesmos.
- 7- Utilizar e buscar cauces de información e de formación relacionada co exercicio da profesión, que posibiliten o coñecemento e a inserción no sector da imaxe e son e a

evolución e adaptación das súas capacidades profesionais ós cambios tecnolóxicos e organizativos do sector.

2. CONTIDOS. SECUENCIACIÓN:

2.1. MÓDULO: Revelado de soportes fotosensibles:

UNIDADE DIDÁCTICA 1: Emulsións fotosensibles e procesos de revelado:

- Formación da imaxe na película.
- Funcionamento das emulsións fotosensíbeis.
- Efectos da non reciprocidade.
- Tipos, formatos e sensibilidade.
- Películas en branco e negro.
- Películas en cor.
- Películas especiais.
- Información técnica.
- Resposta das películas. Información da curva.
- Manipulación da resposta da película.
- Tipos de procesos e parámetros interdependentes do revelado de material en branco e negro.
- Tipos de procesos e parámetros interdependentes do revelado de material en cor.
- Lavado e secado.
- Montaxe e arquivo.

UNIDADE DIDÁCTICA 2: Equipos e médios de procesos de revelado:

- O laboratorio de revelado para branco e negro e cor. Áreas de traballo.
- Materiais fotosensibles en branco e negro e cor. Manipulación.
- Máquinas de procesado en branco e negro e cor.
- Equipos, ferramentas, accesorios e instalacións do laboratorio.
- Defectos, erros e desaxustes nos procesos e equipos.
- Limpeza e neutralización química dos equipos.

- Montaxe.

UNIDADE DIDÁCTICA 3: Preparación de equipos e produtos químicos de revelado.

Seguridade e hixiene:

- Carga da película.
- Secuencia e controis de procesado.
- Baños reveladores, interruptores de revelado, blanqueadores, fixadores, estabilizadores, inversores rexeneradores, neutralizadores, acondicionadores.
- Interpretación de curvas de tempo-gamma e tempo/I.C.
- Efectos de contaminación medio-ambiental.

UNIDADE DIDÁCTICA 4: Procesos de revelado e control de cualidade:

- Análisis e determinación de factores de cualidade do proceso de revelado.
- Parámetros de cualidade do produto: Densidade, Contraste, Granularidade, Velo, Dominantes cromáticas.
- Médios e equipos de control: tiras de control, densitómetros.
- Técnicas de medida e control de cualidade.
- Identificación de defectos e corrección de erros.
- Compensación no procesado.

UNIDADE DIDÁCTICA 5: Equipos automáticos e semiautomáticos de procesado:

- Máquinas automáticas e semiautomáticas de procesado.
- Estacións de traballo e "Minilabs".
- Sistemas de procesado manual.
- Avaliación de resultados.

2.2. MÓDULO: Positivado, ampliación e rematados:

UNIDADE DIDÁCTICA 1: Papeis e superficies de positivado:

- Formación da imaxe no papel fotográfico.
- Tipos, formatos, sensibilidade e gradación de papeis.
- Papel para cópias en branco e negro.
- Superficies especiais.
- Curvas e cadrantes de correspondencia.

UNIDADE DIDÁCTICA 2: Técnicas de positivado e ampliación:

- O proceso de positivado e ampliación.
- Técnicas de positivado e ampliación en branco e negro.
- Técnicas especiais de positivado.
- O cálculo da exposición.
- Control local da densidade.
- Avaliación das cópias.

UNIDADE DIDÁCTICA 3: Médios técnicos para o positivado e a ampliación:

- O laboratorio en branco e negro. Condicións mínimas.
- A ampliadora: tipos e funcionamento.
- Variables, temporización, fases e ciclos nos procesos de branco e negro.
- Expositores, temporizadores, filtros e cabezais.
- Sistemas ópticos e obxectivos de ampliación.
- Accesorios de ampliación e positivado.
- Procesadoras de cópias en branco e negro.
- Produtos químicos e compostos que interveñen no positivado.

UNIDADE DIDÁCTICA 4: Positivado e ampliación en cor:

- Papel para cópias en cor: tipos, formatos e sensibilidade.
- Técnicas de positivado, ampliación e control da cor.
- Avaliación das cópias.
- Médios técnicos para o positivado e ampliación: o laboratorio en cor, a ampliadora, analizadores, procesadoras.

UNIDADE DIDÁCTICA 5: Control da ampliación e do positivado:

- Control do positivado.
- Análise e corrección de contraste e dominantes cromáticas.
- Revelado e análise de tiras de control.
- Factor e grao de ampliación.
- Control da exposición, enfoque e encadre.
- Procesado químico da cópia.
- Técnicas de control da cor. O Filtrado.

- Técnicas de apantallado.

UNIDADE DIDÁCTICA 6: Rematado e control de cualidade:

- Retoque de cópias e negativos.
- Secado, montaxe e rematado de cópias. Procesos especiais:
 - Post-tratamentos químicos.
 - Técnicas de manipulación da imaxe.,
 - Procesos de alta permanencia.
- A cópia final: rematado e presentación.
- Corrección de erros e defectos.
- Medicións de densidade mediante densitómetro.
- Calibración de equipos manuais, automáticos e serniautomáticos.
- Normas de seguridade e hixiene.

2.3. MÓDULO: Procesos de imaxe fotográfica:

UNIDADE DIDÁCTICA 1: O proceso fotográfico. Exposición. Equipos e soportes fotográficos:

- A formación da imaxe.
- Captación fotográfica.
- Tipos de iluminación.
- Aplicacións e produtos fotográficos.
- A industria fotográfica.
- O cálculo da exposición.
- Sensibilidade da película. o cálculo da exposición.
- O exposímetro. Tipos e funcionamento.
- Fallos de exposición. Fallo de reciprocidade.
- As cámaras e o seu manexo.
- Obxectivos. Lonxitude focal e formato.
- Obturadores.
- Visores e enfoque.
- Motores.

- Accesórios.
- Tipos de películas e formatos.
- Rexistradores de son.
- A imaxe latente e visibel.
- Soportes fotosensibles en cor e branco e negro.
- Soportes electrónicos e ópticos.
- Elección do soporte.

UNIDADE DIDÁCTICA 2: Composición e encadre:

- A linguaxe da fotografía.
- Elementos da composición.
- A luz.
- Comunicación e sintaxe.

UNIDADE DIDÁCTICA 3: Fontes de iluminación. A cor:

- Fontes luminosas.
- Iluminancia.
- Luminancia.
- Potencia.
- Cualidade espectral: curvas de distribución de enerxía espectral.
- Duración e vida das lámpadas.
- Lámpadas de tungsteno.
- Reflectores.
- Árcos voltaicos.
- Lámpadas de descarga.
- Lámpadas fluorescentes.
- Flash electrónico. Números guía.
- Accesórios de iluminación.
- Control da iluminación.
- Técnicas de flash.
- Iluminación mixta.
- Sistemas de cor en fotografía.

- Composición espectral da luz, curva de distribución espectral.
- Mistura de cores, diagrama cromático CIE, temperatura de cor, reprodución cromática.
- Efectos psíquicos, armonía de cores.

UNIDADE DIDÁCTICA 4: Almacenamento e conservación de materiais fotosensibles e produtos químicos de procesado:

- Condicións de conservación.
- Manipulación de materiais fotosensíbeis.
- Manipulación de produtos químicos de procesado.

UNIDADE DIDÁCTICA 5: A imaxe en movemento: o Vídeo:

- A imaxe fixa e a imaxe en movemento.
- O medio videográfico: sistemas e particularidades técnico-expresivas.
- A cámara de vídeo: tipos e funcionamento.
- Magnetoscópios.
- Edición.
- Proxectar unha reportaxe: guiión, gravación, edición.

2.4. MÓDULO: Tratamento de imaxes fotográficas por procedementos dixitais:

UNIDADE DIDÁCTICA 1: A imaxe dixital:

- Equipos informáticos. Compoñentes do laboratorio dixital.
- Orixinais. Tipos de orixinais. Características.
- Imaxes vectoriais e de trama.
- Resolución e tamaño.
- Sistemas de cor. Calibración.
- Equipos e procedementos de captación, procesado, impresión e filmación.

UNIDADE DIDÁCTICA 2: Equipos de entrada:

- Escáneres, tipos, funcionamento e aplicacións. Resolución óptica. Parámetros de entrada.
- Cámaras dixitais. Tecnoloxía e funcionamento. Obxectivos. Flash. Memória e transferencia de imaxes.

- Sistemas de almacenamento , intercambio e xestión.
- Formatos gráficos. Compresión.

UNIDADE DIDÁCTICA 3: Edición e manipulación da imaxe dixital:

- Tipoloxía do software gráfico. Programas de debuxo CAD. Programas de deseño orientados a obxecto. Programas de retoque orientados a píxel.
- Animación, edición de vídeo, modelado 3D, autoedición, presentacións, OCR, visores, conversores, etc.
- Transformacións na imaxe dixital. Modificacións espaciais: redimensionado, muestreo, reflexión, rotación.
- Modificacións tonais: control da nitidez, contraste, luminosidade e tono. Modificacións parciais: seleccións, máscaras e canles. Filtros e efectos. Traballo con capas. Transparencia. Fusión.
- Técnicas de axuste tonal e restauración de imaxes fotográficas.

UNIDADE DIDÁCTICA 4: Aplicacións da imaxe dixital:

- Presencia da imaxe dixital nos medios de comunicación e información.
- A imaxe como proposta estética. Imaxe artística. Fotomontaxe
- Imaxes para a publicidade e o deseño gráfico.
- A imaxe nos documentos. Autoedición e paxinación.
- Imaxe didáctica e informativa. Presentacións. A imaxe en Internet.

UNIDADE DIDÁCTICA 5: Reproducción e control de cualidade:

- Soportes e equipos de reprodución.
- Técnicas básicas de reprodución da cor. Cuatricromías.
- Seleccións automáticas. Tramado dixital.
- Impresoras. Características. Funcionamento. Materiais de impresión.
- Filmadoras. Características. Funcionamento. Materiais e proceso de filmación.
- Probas densitométricas. Control densitométrico.
- Factores que inflúen na cualidade. Corrección de defectos do orixinal.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

3.1. Mínimos esixíbeis

MÓDULO: Revelado de Soportes fotosensibles

- Interpretar ordes de produción e información técnica utilizada no revelado de soportes fotosensíbeis e determinar as condicións e especificacións do procesado.
- Analizar os procesos de revelado de materiais fotosensíbeis e os equipos implicados neles.
- Controlar a almacenaxe de materiais e útiles, mantendo unha adecuada conservación e localización dos mesmos.
- Analizar e realizar o proceso de preparación das materias primas e produtos químicos que se utilizan no revelado e describir as súas características e usos.
- Realizar as operacións para a preparación e posta a punto dos principais medios de procesado de material sensible.
- Preparar os materiais e as solucións químicas que interveñen no proceso de revelado e dispoñelos para a súa posterior manipulación atendendo ás normas de seguridade establecidas.
- Realizar e controlar o proceso de revelado de soportes fotosensíbeis, utilizando os procedementos establecidos e resolvendo as posibles anomalías.
- Preparar e programar máquinas automáticas ou semiautomáticas de revelado de soportes fotosensíbeis de cor o B/N, tendo en conta a documentación técnica e os procedementos adecuados a cada procesado.
- Realizar o mantemento de primeiro nivel das máquinas de revelado.

MÓDULO: Positivado, ampliación e rematados:

- Interpretar ordes de traballo e información técnica utilizada no positivado e ampliación de materiais fotosensíbeis e cumprimentar follas de produción ou fichas de procesado.
- Analizar os procesos de positivado e ampliación de materiais fotosensíbeis e os equipos implicados nos procesos.

- Preparar materiais, equipos e úteis necesarios a fin de realizar o positivado e/ou ampliación.
- Preparar os materiais que se utilizan no proceso de ampliación/positivado de imaxes fotográficas.
- Calcular e preparar as dilucións químicas empregadas nos procesos de positivado, tendo en conta parámetros como densidade, PH, actividade, caducidade, e calculando os tempos de procesado, temperaturas e axitación de cada baño.
- Coñecer os materiais fotosensíbeis necesarios para o positivado e ampliación en cor.
- Analizar os procesos de positivado e ampliación en cor e os equipos implicados nos procesos.
- Preparar os materiais que se utilizan no procesado de ampliación e positivado, calcular e preparar as dilucións químicas empregadas.
- Analizar e preparar equipos e instrumentos para a ampliación e revelado de positivos fotográficos.
- Realizar e controlar o proceso de ampliación segundo os procedementos, especificacións e condicións de seguridade establecidas.
- Obter probas dunha cualidade especificada mediante os equipos adecuados.

MÓDULO: PROCESOS DE IMAXE FOTOGRÁFICA:

- Analizar os procesos de produción de fotografías, identificando e relacionando fases, recursos e empresas implicadas.
- Analizar os elementos de composición que contribuen ao equilibrio da imaxe.
- Analizar e aplicar as técnicas e procedementos utilizados habitualmente na toma fotográfica.
- Analizar o proceso de preparación, almacenamento e conservación de materiais utilizados en imaxe.
- Analizar as características da imaxe videográfica, aprendendo a producir reportaxes cunha cámara de vídeo e un magnetoscopio.

MÓDULO: Tratamento fotográfico por procedementos dixitais:

- Distinguir os distintos medios de obtención de imaxes dixitais.
- Conectar, configurar e manipular diferentes dispositivos de entrada, proceso e saída de datos gráficos.
- Interpretar información técnica referente a equipos informáticos e software gráfico.
- Realizar operacións de entrada de imaxes nos equipos de tratamento, manexando soportes dixitais e analóxicos, así como dispositivos de captura.
- Aplicar e controlar os programas de tratamento (segundo técnicas dixitais) para dispor as imaxes do xeito máis apropiado, segundo a súa natureza.
- Crear e transformar imaxes fotográficas adecuadas aos diferentes medios de comunicación.
- Adaptar e incluír imaxes dixitais en traballos de deseño, artes gráficas, documentación científica, didáctica e comercial, en autoedición, exposición e produtos multimedia.
- Operar cos equipos de saída: impresoras e filmadoras e obtención de probas.
- Controlar os equipos de saída e obtención de probas, mantendo os parámetros de operación e obtendo cualidades fixadas.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA:

O grupo de alumnos que conforman o grupo responde a unha tipoloxía moi variada de persoas con diferentes graos de coñecementos, habilidades sociais, formación persoal, etc. Debido á habitual heteroxeneidade dos grupos, un principio fundamental do módulo, é o respecto polos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe. As actividades expóñense adaptadas a cada alumno/a, tendo en conta que teñen que seguir un proceso graduado e secuenciado.

Trátase de prestar unha atención individualizada a cada alumno/a, que lle faga tomar confianza nas súas capacidades, a medida que vaia conseguindo os obxectivos expostos. A metodoloxía será activa, dinámica e participativa, facendo que o alumnado tome parte do proceso de ensino-aprendizaxe.

Os contidos, en que establecemos as bases do traballo diario no laboratorio, expóñense desde un principio mostrando aos alumnos de forma detallada as fases do proceso de ampliación e positivado, aínda que é importante resaltar que é necesario que o alumno/a sempre goce de autonomía para realizar o traballo e conseguir o obxectivo de xeito autónomo; deste xeito, seguindo as especificacións dadas, será necesario que o alumnado vaia á procura en por si das fontes de información que necesita para a consecución do traballo. É este un traballo estándar que fará falta repetir na maioría de actividades prácticas, variando sempre nos matices que caracterizan a cada unha destas unidades, entendendo que son estes os que proporcionan aos alumnos uns coñecementos e habilidades profundamente asimilados e unha resposta versátil diante de distintas cuestións técnicas que aparecen no traballo diario.

Outros aspectos importantes a ter en conta desde un principio son:

- a) O respecto polas ideas e opinións de todos/as.
- b) A necesaria e enriquecedora achega persoal de cada alumno/a en as clases.
- c) A interacción alumno/a-alumno/a, como elemento dinamizador e de axuda mutua entre compañeiros/se de distintos niveis.
- d) O traballo diario dentro do ámbito da realidade social e persoal, sen perder esta perspectiva.
- e) A imaxinación e a creatividade como elemento motivador para desenvolver os traballos a realizar.

No taller estableceremos un sistema de traballo por grupos estables para fomentar as relacións entre o alumnado, e porque ademais existen determinadas tarefas que requiren axuda. Estes grupos serán de dous ou catro persoas, e funcionarán de forma rotatoria polas diferentes seccións do laboratorio. Doutra banda, como xa comentamos, cando se realizan clases teóricas, o traballo será individualizado, excepto en actividades que necesitan dinámicas de grupos, debates...

Tendo en conta a natureza do módulo e as capacidades terminais que leva asociadas, enténdese que o proceso educativo ten que organizarse ao redor dos procedementos, é dicir, que a aprendizaxe vai orientada aos modos de saber facer. O contido organizador do módulo será de tipo procedimental.

A metodoloxía deberá estar rexida polos seguintes principios:

- Motivar e potenciar as cualidades fundamentais que caracterizan á natural capacidade humana para aprender. Educando aos alumnos para aprender a estudar, analizar, sintetizar, facer en termos positivos e normativos.
- Potenciar a dinámica de traballo en equipo en procura da eficiencia.
- Facer fincapé en cada unha das unidades didácticas na necesidade de actuar nas debidas condicións de hixiene, seguridade e responsabilidade.
- Partir dos conceptos e fundamentos básicos para ir introducindo os máis complexos, insistindo na secuenciación lóxica dos temas e mostrando o fío condutor que os une nunha unidade global.
- Dar unha visión unitaria de cada unidade didáctica, sen menoscabo do anterior, para que o alumno saiba integrar lóxicamente os distintos conceptos estudados; sinalando, ao principio, os obxectivos xerais referentes ao seu contido.
- Recordar algunhas cuestións imprescindibles de fotografía, óptica, etc., aínda que non sexan específicas do módulo de Positivado, naquelas unidades didácticas que o precisen.
- Presentar os conceptos coa máxima claridade posible, explicando a súa función.
- Describir e expór exemplos teórico-prácticos que mostren e faciliten a capacidade asociativa dentro dun coñecemento integrador.
- Propór múltiples exercicios para asimilar os coñecementos adquiridos ou para descubrir posibles erros de interpretación.
- Corrección pública dos exercicios prácticos e realización por parte do profesor dos procesos que non sexan realizados adecuadamente.
- Facer comprender ao alumno a rapidez con que se actualizan os coñecementos das novas tecnoloxías, sendo necesario establecer mecanismos e ferramentas didácticas que eviten quedar desfasados.
- Os/as alumnas téñense que responsabilizar das tarefas de limpeza, orde, mantemento da maquinaria, material, útiles e instalacións, tal como sucederá nun laboratorio profesional cando se incorporen ao mercado de traballo.

5. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

5.1. Instrumentos de avaliación para o alumnado que perdéu a posibilidade de que lle sexa aplicado o dereito a avaliación continua:

O alumnado que debido á acumulación dun número de faltas superior ó 10 por cento de horas de cada módulo perdera o dereito á avaliación continua será avaliado cos seguintes instrumentos.

- Examen teórico: para cada un dos módulos nos que perdera o dereito á avaliación continua terá que realizar un examen teórico que versará sobre os contidos vistos ó longo do curso.

- Examen práctico: para cada un dos módulos nos que perdera o dereito á avaliación continua terá que realizar un examen práctico. Este examen poderá ser levado a cabo durante varias xornadas, o que se avisará oportunamente.

Para ambosdous exames se proporcionará ó alumno os materiais necesarios. Igualmente, a data de presentación perante o profesorado para os exames será anunciada no taboleiro correspondente.

5.2. Alumnado con materias pendentas: actividades de recuperación:

As disposicións legais sobre o desenvolvemento e o proceso de avaliación nos ciclos formativos, contemplan tres situacións posibles na avaliación previa á Formación en Centros de Traballo:

- a) A superación dos criterios de avaliación, e por tanto a cualificación positiva do alumno en todos os módulos cursados no centro educativo.
- b) A non superación de un módulo, que terá que ser superados antes de acceder á FCT, e serán avaliados en convocatória extraordinaria. Neste suposto, corresponde ao equipo docente determinar o plano de actividades de recuperación para cada caso en particular, así como establecer o período de realización das mesmas.

No caso do Ciclo que nos ocupa, no que o desenvolvemento normal dos módulos correspondentes ao centro educativo é un curso académico, e a Formación en

Centros de Trabajo está prevista para o primeiro trimestre do seguinte, as posibilidades, dependendo das capacidades terminais que non fosen acadadas de forma satisfactoria pasan, ben por organizar un plano de traballo entre xullo e setembro, ben por establecer unha proba antes do comezo das prácticas na empresa, especialmente se as carencias se manifestasen no campo teórico, ou ben por incorporar ao alumno en cuestión a algunha das actividades do grupo que cursará os mesmos módulos no curso seguinte. En tal caso, deberá ser asignado outro turno de FCT para o alumnado que estivese nesta situación.

- c) A non superación de dous ou máis módulos, que obrigarán ao alumno a repetir curso cos módulos pendentes.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. LIBROS DE TEXTO.

- Enciclopedia Focal de la Fotografía. Purves, F.& col 1975 (2 vol.1, 676 pág)
Ed.Omega
- Fotografía Aplicada. Arnolds, C.R. & col. (1974) Ed. Omega. 605 pág.
- Fotografía Básica. Langford, M. Ed. Omega
- Tratado de Fotografía. Langford, M. Ed. Omega
- Química Fotográfica, Ed. Omega
- Fotografía. Teoría y Práctica. Glafkides, P. Ed. Omega
- Formulario-Manual Kodak. Kodak, S.A. Madrid. Ed. Omega
- La Fotografía. Sus manuales y procedimientos. Nebllette, C.B.
- La Ampliación. La Técnica del positivo fotográfico. Jacobson & Manheim Ed.
Omega.
- Fotografía. Teoría y práctica. Clerc, J.R.
- El Arte de hacer buenas copias y ampliaciones. Croy, O.R. Ed. Omega
- La ampliación en fotografía. Pelegrineschi, P.A. Ed. Arte Fotográfico.
- Curso de Fotografía Básica. Hedgecoe, J. Ed. Blume, Barcelona
- Arte y Técnicas fotográficas. Feninger, A. Ed. Hispano-Europea.

- Manual del laboratorio fotográfico. Langford, M. Madrid 1981, 352 pág.
- Técnicas de positivado en color. Ed. Kodak. N: CAT.:9008848.
- Técnicas de positivado en blanco y negro. Cuadernos Prácticos Kodak Ed.Folio 1982
- Los Filtros. Cuadernos Prácticos Kodak, Ed. Folio 1981.
- Fotografía básica. Langford, M. Ed. Omega.
- Proceso y Fórmulas para la fotografía en B/N. Apuntes fototécnicos Kodak.
- Fotografía Avanzada. Hedgecoe, J. Ed. Blume, 304 Pág.
- Enciclopedia completa de la Fotografía. Langford, M. Ed. Blume 432 pág.
- Notas de Química Fotográfica Práctica. Vargas, J.A. & col. Public. AETEFEC.
- El laboratorio fotográfico en casa. Cuadernos Prácticos Kodak Ed.Folio 1982
- Técnicas de positivado en color. Cuadernos Prácticos Kodak Ed.Folio.
- Técnica Fotográfica. Desilets, A. 1971. Ed. Daimon. Barcelona 252 pág.
- La fotografía paso a paso. Un curso completo. Langford, M. 1991. Ed.Blume 224 p.
- Guía del Cibachrome. Coste. Ed. Omega.
- Técnicas de laboratorio. Hedgecoe, J. 1988. Libros La Cúpula Ed. CEAC Barna. 191 pp
- Como ampliar diapositivas. Spitzing, G. 1978. Ed. Inst. Perramán. Barna. 104 pp.
- Aprende a positivar en B/N. Hawken, W.R. 1979. Ed. Daimon. Barcelona. 203 pp.
- Realización multimedia”, de José Chuvieco (THOMSON-PARANINFO).
- Premiere Pro CS3, de Antonio Paniagua Navarro.
- Dreamweaver MX, de Claudia Valdés e Enrique Rodríguez (Anaya).

7. PROGRAMACIÓN CORRESPONDENTE ÓS TEMAS TRANSVERSAIS:

O obxectivo do sistema educativo é proporcionar unha educación integral, para o que se ten que incluír a formación en valores, hábitos e actitudes, que non sempre se adquiren de xeito espontáneo. Estas cuestións englobanse no que denominamos temas transversais, porque non corresponden de modo exclusivo a unha única área educativa, senón que son responsabilidade de toda a comunidade educativa, polo cal teñen que estar reflectidos no Proxecto Curricular dos Ciclos Formativos.

Debido ás características do Ciclo Formativo de Grao Medio de Laboratorio de Imaxe, prestaríase especial interese aos temas transversais seguintes:

- Educación ambiental.
- Educación para a saúde.
- Educación cívica.
- Educación para a paz.
- Educación pola igualdade de sexos.

Teríase en conta o desenvolvemento de actitudes e hábitos en relación con estes temas, sen rexeitar un tratamento específico, se é caso, na práctica docente diaria e na avaliación das aprendizaxes destes.

Tamén desenvolveríanse actitudes como:

- O non facer generalizacións sen dispor de datos suficientes.
- O argumentar baseándose en datos, e non en opinións.
- O ser honesto na presentación das conclusións dos traballos.
- O traballar en equipo.
- O ser tolerante coas distintas opinións, respectando os outros.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES A REALIZAR POLO

DEPARTAMENTO:

O contacto coa realidade laboral non se debe limitar simplemente a un punto de vista técnico. Os cambios tecnolóxicos e as tendencias artísticas, así como as realidades sociais novas e sempre cambiantes, impúlsannos a manter os ollos abertos a todo o que suceda ao noso ao redor. Así, é importante transmitir ao alumnado a importancia de asistir a calquera evento, exposición, feira, xornadas, etc. que nos poida axudar a situarnos mellor no noso perfil profesional e como non, a evolucionar cos tempos.

Por outra banda, a limitada dotación que con frecuencia se dá no centro escolar levaranos a miúdo a non pasar da exposición teórica sobre determinados sistemas de positivado, trens automáticos de positivado, historia da fotografía, cambios tecnolóxicos, como o positivado por medios químicos desde orixinais dixitais, etc. A mellor alternativa a estas

carencias será a realización de visitas aos lugares onde de se poida ver e comprender directamente estoutas realidades.

Estas serían algunhas propostas de actividades ou visitas extraescolares:

- Visita a laboratorios industriais con sistemas de positivado dixital e sistemas de probas químicas e dixitais distintos á dotación do laboratorio do centro.
- Charlas a cargo de técnicos de laboratorio, xerentes de empresas de fotografía ou cargos intermedios.
- Visita a museos para ver exposicións relacionadas coa fotografía.
- Asistencia a xornadas técnicas e feiras sobre fotografía.

Estas actividades serán de asistencia obrigatoria e serán avaliadas a través dun informe a realizar polo alumnado, baixo uns criterios marcados polo docente.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Os contidos do módulo son esencialmente prácticos e o suficientemente flexibles como para que o seu tratamento en actividades de aula posibilite a atención ás diferentes necesidades metodolóxicas que presenten os alumnos individualmente.

Tanto a capacidade para aprender, como as motivacións, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos alumnos comportan diferenzas acusadas no alumnado, polo cal teríase que axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades dos/das alumnos/as e facilitar recursos e estratexias variadas que permiten dar resposta á diversidade que presenta o alumnado.

Tanto na Lei Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOGSE) como na Lei Orgánica da Calidade na Educación (LOCE), respectando o principio de igualdade de oportunidades, recoñécese como dereito básico a compensación das carencias de toda natureza, física, psíquica ou social, aos alumnos con necesidades educativas específicas.

O Real Decreto 362/2004, de 5 de marzo, de ordenación xeral da formación profesional específica, na disposición adicional segunda sinala que se establecerán as medidas e adaptacións do currículo pertinentes para que os alumnos con necesidades educativas especiais poidan conseguir as finalidades da formación profesional específica. Así mesmo

indica que nas ofertas formativas que se realizan, teranse en consideración estes alumnos e poderanse incluír módulos asociados ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

A Orde do 1 de xuño de 1999, pola que se regula a avaliación e

acreditación académica do alumnado que cursa a formación

profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 11 sinala que:

1. Cando o progreso dun alumno non responda globalmente ós obxectivos

programados, o equipo docente adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo ou

adaptación curricular, dentro dos límites previstos no artigo 14 do Decreto 239/1995, do 28 de xullo.

2. En todo caso, a cualificación do alumno realizarase tomando como referencia os

obxectivos e criterios de avaliación relacionados con competencias profesionais básicas

para o logro da competencia xeral característica do título.

Para favorecer que un mesmo sistema de exercicios prácticos sirva para o

desenvolvemento das capacidades de todos os compoñentes do grupo sen implicar un

esfuerzo engadido nuns casos, unha perda de oportunidade de ampliación de coñecementos

noutros, abordaremos as diferentes actividades tendo en conta tres cuestións:

- A primeira, a observación que o profesor terá que facer ao comezo do traballo práctico sobre as necesidades e as posibilidades de aprendizaxe de cada alumno do grupo.

- A segunda, a planificación de distintos niveis de desenvolvemento das propostas apoiado na diferenciación dos mínimos exixibles e as posibilidades de expansión e de experimentación que os propios exercicios permitirán.

- Para rematar, a organización do grupo como foro de debate de propostas, análises de resultados e toma de decisións, permitirá a cada alumno participar en segundo plano nos exercicios dos compañeiros, promovendo o interese, e sobre todo significando un reforzo non repetitivo sobre as propias experiencias.

As actividades que levarán a cabo son as seguintes:

- **Medidas de reforzo:**

As medidas de reforzo teñen como obxectivo intentar axudar a superar algunha

unidade didáctica a aqueles alumnos que alcancen os obxectivos mínimos exixibles. Son a seguintes:

- Actividades de síntesis.
- Actividades de apoio e reforzo.
- Adaptacións curriculares pouco significativas puntuais e adaptables a calquera disfunción detectada.
- Adaptacións instrumentais nos casos requiridos (deficiencias físicas ou motoras).
- Calquera outra necesidade individual que precisase de medidas de atención á diversidade atenderanse en todo momento na medida do posible.
- As medidas de reforzo da parte procedimental da unidade didáctica consistirán na resolución de supostos cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada. Estes supostos serán resoltos polo alumno sempre coa axuda do profesor.
- As medidas de reforzo da parte conceptual da unidade didáctica consistirán no repaso dos conceptos por parte do alumno e coa axuda do profesor que fará propostas de cuestionarios sobre a materia, que o alumno debe cumprimentar.

- **Medidas de ampliación:**

As medidas de ampliación teñen como obxectivo atender ás demandas daqueles alumnos que superan amplamente os obxectivos do módulo. As medidas de ampliación poden ser:

- Actividades de ampliación e de investigación para alumnos con sobredotación intelectual.
- Investigación por parte do alumno de temas non tratados no aula.
- Profundización en temas tratados.
- Elaboración dun traballo libre baseado nos contidos do módulo.

Todas estas tarefas terían que estar supervisadas e orientadas polo profesor.

O Xefe do Departamento,

José Ignacio García Verguizas